

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|----------------------|----------|---------------|
| 36014921 | CEIP de Fontes-Baíña | Baiona | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Lingua Estranxeira - Inglés | 4º Pri. | 3 | 105 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 12 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 13 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 14 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 15 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 15 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 16 |
| 7.2. Actividades complementarias | 17 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 17 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 18 |
| 9. Outros apartados | 18 |

1. Introducción

O Decreto polo que se establece o currículo de LE para a Educación Primaria, durante toda a etapa da educación primaria será imprescindible para basear a aprendizaxe nos repertorios e experiencias do alumnado, facilitando así a súa participación en actos de comunicación sinxelos: práctica de actividades e estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación lingüística, entendida nesta etapa como a actividade orientada a facilitar a comprensión mutua e a procesar e transmitir información básica e sinxela.

No apartado 3.2 Distribución do currículo nas UD:

Os obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos son xerais para todo o nivel educativo e corresponde ao mestre-a decidir a distribución ao longo do curso escolar e en que momento traballar un ou outro aspecto que lle permita a consecución final do obxectivo, considerando os CA correspondentes. Todo o traballo ao longo do curso irá orientado á cosecución dos 6 obxectivos da área de LE (competencias específicas) ó nivel que cada alumno-a sexa quen de acadar. En todas as Uds se programarán actividades que terán eses obxectivos como meta.

Ao mesmo tempo, hai que ter en mente que os que presenta o currículo son contidos competenciais polo que nos imos atopar no caso de que todos os contidos nos parecen abordables en todas as unidades didácticas e que de feito na práctica abordaremos; no entanto, na programación cómpre distribuílos, repartilos, entre todas para non sobrecargas. Aquí o importante é que ao longo de todo o curso se aborden os contidos que marca o decreto, se apliquen os criterios de avaliación todos e se chegue ao remate do curso cos obxectivos conseguidos. Nalgúns casos parece máis operativo desdoblar algúns contidos en subcontidos, tendo en conta as unidades que cadaquén se propoña desenvolver. O programa permite realizar estas operacións.

Sobre os criterios de avaliación, sinalamos, así mesmo, que a cada UD se lle aplicarán uns criterios de avaliación específicos de tal xeito que a tarefa final, o produto final de cada unha, sexa avaliado de acordo con, polo menos, algún dos CA escollidos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|-----|------|----|-------|----|-----|------|
| OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás. | 2-3 | 1-2 | 1 | 1 | 5 | | | 2 |
| OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás. | 1 | 1-2 | 1 | 2 | 5 | | 1 | 4 |
| OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía. | 5 | 1-2 | 1 | | 3 | 3 | 1-3 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|-------|------|----|-------|-----|----|------|
| OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación. | 5 | 1-2-3 | 1 | | 1-3 | | | 1 |
| OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas. | | 2 | 1 | 2 | 1-4-5 | | 3 | |
| OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais. | 5 | 3 | | | 1-3 | 2-3 | | 1 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | SUPER SPORTS | basketball, football, gymnastics and other sports. Verbos: DO, PLAY , GO | 15 | 16 | X | | |
| 2 | TV TIME | Vocabulario referente a programas de TV: cartoons, documentary, music programme, the news... Time: quarter past, quarter to | 15 | 16 | X | | |
| 3 | WORKING DAY AND NIGHT | Profesiones: firefighter, nurse, pilot, singer, vet... | 15 | 17 | | X | |
| 4 | GOING SHOPPING | Ordinal numbers. Money: euros, cents. Tipos de establecementos: cafe, clothes shops, supermarket... | 15 | 16 | | X | |
| 5 | ACT OUT | Vocabulario tipo: beard, curly hair, dark hair, freckles, glasses... Estados de ánimo: angry, calm, glad... | 20 | 20 | | | X |
| 6 | FUN DAYS | Situaciones en el espacio: behind, between, in front of... Lugares: castle, art gallery, city farm, stadium... | 20 | 20 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 1 | SUPER SPORTS | 16 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén de palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes. | Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén algunhas palabras previamente presentadas en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, relacionados co tema desta UD. | TI | 100 |
| CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación. | Expresar oralmente frases curtas con información básica relacionada co tema desta UD, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, con atención ao ritmo. | | |
| CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas. | O CA1.7 aplícase como está, engadindo que se poda recibir axuda para facelo. | | |
| CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e os interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes. | Poñer interese e esforzo en facelo tal como se explica no CA1.8 centrándose no aspecto da axuda aos demais. | | |
| CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma guiada, os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais. | Poñer interese e esforzo en facelo tal como se explica no CA2.2 aínda que non o consiga completamente. | | |
| CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais. | Actuar con respecto en situacións interculturais, mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. |

Contidos

- Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común e funcións comunicativas xerais asociadas a eles.
- Léxico e expresións, básicos e frecuentes relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua e a aprendizaxe.
- Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 2 | TV TIME | 16 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|-----|
| CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación. | Expresar oralmente frases curtas con información básica relacionada co tema desta UD, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, con atención ao ritmo. | TI | 100 |
| CA1.4 - Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais. | Escribir con axuda seguindo o que se explica no CA1.4. | | |
| CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas. | O CA1.7 aplícase como está, engadindo que se poda recibir axuda para facelo. | | |
| CA1.9 - Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, usando, pero con axuda, recursos e apoios físicos e dixitais en función das necesidades de cada momento. | Utilizar de xeito guiado algunha estratexia que permita levar a cabo o proceso que se describe no CA1.9. | | |
| CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma guiada, os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais. | Poñer interese e esforzo en facelo tal como se explica no CA2.2 aínda que non o consiga completamente. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos o conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso). - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 3 | WORKING DAY AND NIGHT | 17 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Facer o que se explica no CA 1.5 poñendo esforzo e interese en conseguir comunicarse. | TI | 100 |
| CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiás, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística. | O CA1.6 aplícase como está. | | |
| CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento. | Comparar de xeito guiado as similitudes e diferenzas entre distintas linguas. | | |
| CA3.3 - Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias básicas para entender e apreciar os aspectos máis relevantes da diversidade lingüística, cultural e artística. | Facer os procesos do CA3.3 con axuda. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de aprendizaxe. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - folletos, instrucións, normas, avisos o conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso). - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa. - Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída. - Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 4 | GOING SHOPPING | 16 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén de palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes. | Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén algunhas palabras previamente presentadas en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, relacionados co tema desta UD. | TI | 100 |
| CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares. | Levar a cabo con axuda o proceso que se explica no CA1.2. | | |
| CA1.4 - Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais. | Escribir con axuda seguindo o que se explica no CA1.4. | | |
| CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e os interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes. | Poñer interese e esforzo en facelo tal como se explica no CA1.8 centrándose no aspecto da axuda aos demais. | | |
| CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL). | O CA2.3 aplícase como está favorecendo a utilización de formatos e técnicas adaptadas ás particularidades persoais, | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións básicas e cotiás; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornos de interese. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Léxico e expresións, básicos e frecuentes relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua e a aprendizaxe. - Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico. - Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 5 | ACT OUT | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación. | Expresar oralmente frases curtas con información básica relacionada co tema desta UD, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, con atención ao ritmo. | TI | 100 |
| CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Facer o que se explica no CA 1.5 poñendo esforzo e interese en conseguir comunicarse. | | |
| CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiás e habituais. | Actuar con respecto en situacións interculturais,. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais. | Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira amosando interese. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións básicas e cotiás; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións. - Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes. - Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios. - Padróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 6 | FUN DAYS | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén de palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiás, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes. | Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén algunhas palabras previamente presentadas en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, relacionados co tema desta UD. | TI | 100 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA1.4 - Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais. | Escribir con axuda seguindo o que se explica no CA1.4. | | |
| CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística. | O CA1.6 aplícase como está. | | |
| CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento. | Comparar de xeito guiado as similitudes e diferenzas entre distintas linguas. | | |
| CA3.3 - Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias básicas para entender e apreciar os aspectos máis relevantes da diversidade lingüística, cultural e artística. | Facer os procesos do CA3.3 con axuda. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións básicas e cotiás; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos o conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso). - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornos de interese. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa. - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. - Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

A seguinte listaxe toma como referencia as liñas de actuación do apartado Orientacións Pedagóxicas do Decreto de Primaria de Lingua Estranxeira aplicables a cuarto de primaria. Así, a metodoloxía que seguiremos levaranos a:

- Buscar un enfoque orientado á acción creando situacións continuas de comunicación con e entre o grupo: TPR, seguir instrucións, contestar a preguntas, desenvolver un xogo....
- Partir sempre das aprendizaxes previas do grupo de alumnado co que traballamos.
- Realizar proxectos significativos moi simples adaptados ao nivel educativo.
- Diseñar actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado deste grupo de 4º, o que axudará a darlle a cadaquén unha atención individualizada.
- Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.
- Buscar a identificación persoa-lingua, o que implica axudar ao alumnado a asociar de xeito automático a mestra/coa lingua estranxeira.
- Impulsar situacións diversas de interacción de comunicación oral entre o alumnado : en parellas, pequenos grupos ou grupo - aula, en situacións reais ou supostas, tales como dramatizacións de diálogos ou role-plays.

Neste ámbito da comunicación oral, introduciremos o xogo en diferentes formatos, soportes e modalidades xa que nos parece un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua en calquera nivel da etapa de Primaria: xogos de tarxetas tales como xogos de memoria, adiviñar a tarxeta tapada, describir moi brevemente a tarxeta escollida; xogos de taboleiro temáticos, nos que os xogadores e xogadoras teñen que verbalizar todo o que se nos ocorra relacionado co desenvolvemento do mesmo: número do dado, do cadro, a imaxe ou palabra dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro no que se está, contestar a unha pregunta, e todas aquelas propostas que podan encaixar no marco do xogo de taboleiro e cumpra cos obxectivos de utilizar vocabulario e expresións na lingua estranxeira, proporcionar diversión e concentración aos participantes no mesmo e incorporar a todo o alumnado sen importar as súas habilidades e/ou capacidades. Incluímos aquí tamén os xogos coma o mimo, e calquera outro que sirva para acadar obxectivos e competencias de cuarto de Primaria.

-Empregar tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos, xogos interactivos online, videoclips de cancións e o uso do formato vídeo e a radio escolar para emitir e gravar pequenas cuñas publicitarias e mensaxes para o resto da comunidade escolar.

- Alternar, para introducir a lectura en lingua estranxeira e a escoita, o uso de ferramentas dixitais (historias publicadas en plataformas de difusión dixital, ilustradas e narradas por persoas de fala inglesa e acentos diferentes) coa lectura por parte do profesorado de libros adaptados á idade do noso alumnado.

- Utilizar fragmentos audiovisuais moi curtos de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, ... adecuados a este nivel, para a práctica da comprensión oral. Este tipo de actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.

- Dotar aos nenos e nenas dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira. Esta ferramenta, igual cás outras linguas das que dispoña, permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas ("non me atopo ben", "quero ir ao baño"), ata relacionarse nos xogos ("tócame a min", "gañei!") e entender as necesidades dos/as demais.

- Aproveitar todas as situacións que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira en substitución das materns do alumnado, propoñendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a esta lingua, a través do mundo dixital.

- Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, tarxetas con imaxes do vocabulario das uds, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos, para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que podemos destacar a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos na lingua que queremos vaian adquirindo.

- Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais fronte á tradución, para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, co que eles e elas estarán practicando e adquirindo estas mesmas estratexias.

- Poñer en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos. O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.

- Asentar e afianzar, así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| 1- Páxinas web de xogos online |
| 2- Historias e contos publicados na rede |
| 3- Xogos de mesa |
| 4- Xogos físicos |
| 5- Libros de lectura |
| 6- Posters e murais |
| 7- Ferramentas de elaboración de materiais |
| 8- Encerado dixital interactivo - smart board |
| 9- Uso dos medios audiovisuais ccn que conta a escola |
| 10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar |
| 11- Vídeos |
| 12- Rimas e cancións |
| 13- Actividades DUA |

NOTA: neste apartado 4.2. Materiais e recursos, aparecerá un agrupamento dos diversos materiais e recursos que podemos utilizar no nivel de 4º.

Citamos algúns exemplos:

1- Páxinas web de xogos online:

British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/>

Games to learn English: <https://www.eslgamesplus.com/fun-games/>

<https://www.eslgamesplus.com/clothes-and-colors-esl-vocabulary-esl-crocodile-board-game/>

2- Historias e contos animados publicados na rede tales coma:

" The Very Quiet Cricket": <https://www.youtube.com/watch?v=YdiGEjz5b0Q>

ou

" From Head to Toe": <https://www.youtube.com/watch?v=QpCebCxrPVk>

3 - Xogos de mesa (sempre relacionados co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado ou para a presentación do mesmo):

+ De tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra; preguntas:

adivñar a tarxeta;

memory game;

facer parellas

+ De taboleiro (dice and counters): con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar:

- Snakes and ladders.

- Parchís especial.

- Oca especial.

- Scrabble.

+ Dominós relacionados cos diferentes temas que vaiamos traballando ao longo do curso.

4 - Xogos físicos: hai moitos xogos aos que xogan nenos e nenas na lingua propia que son perfectamente aproveitables para practicar a LE e incorporala á comunicación automática. Pódense citar aquí:

- + xogos de pelota nos que cada xogador di unha palabra, ou unha frase; ou fai unha pregunta que debe contestar quen recibe a pelota,
- + xogos de rol,
- + xogos coma o do pano e os números, no que se pode variar perfectamente os números cos que xogan cada vez, ou introducir a variante de usar palabras dun campo semántico determinado no canto de números,
- + xogos de localización e movemento no espazo.

5- Libros de lectura, principalmente contos pero tamén poesía: é importante contar con libros que os nenos e nenas podan manipular e cos que se poda facer traballo de lectura e explotación de vocabulario e expresións de uso frecuente. Recomendamos libros publicados por editoriais dos países da LE que estamos traballando, destinados a nenos e nenas desta idade e máis novos.

6- Posters e murais: nas dúas posibilidades que nos brindan: a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os posters de vocabulario que compramos e nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

7- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: poden ser usadas polo propio alumnado baixo supervisión e guía da mestra-e.

Por exemplo:

- + Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais
- + Genially: <https://genial.ly/why-genially>
- + Canva: https://www.canva.com/es_419/
- + Ferramentas que nos ofrece Google para a escola

8- Encerado dixital interactivo - smart board

Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase xa é motivador, a partir daí todo son posibilidades.

9 - Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola: radio, vídeo, tanto para a produción coma para un posterior uso na escoita e comprensión.

10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.

Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

11- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas e os ODS.

12- Rimas e cancións: permítennos utilizar a linguaxe dunha forma lúdica e resultan motivadoras para todos os niveis educativos.

13- Actividades DUA: actividades que faciliten a participación de todo o alumnado dentro da súa diversidade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No comezo do curso farase unha avaliación de diagnose centrada en coñecer o nivel competencial do alumnado de 4º: pronunciación, escoita e comprensión oral, fluidez na expresión oral (adaptada ao comezo deste nivel), coñecemento de léxico relacionado con ámbitos diferentes propios da cotidianeidade do alumnado e calquera outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar.

Este proceso levarase a cabo a través de actividades de interacción coa mestra, tanto de gran grupo (que require

escoita, agardar quendas, actuar seguindo indicacións dadas, respostar a preguntas, etc.) coma entre iguais en grupos pequenos e parellas. Recolleranse evidencias tales coma gravacións en audio e/ou videos individuais e de interacción en parellas, pequenos grupos e grupo-clase, reflexando os resultados nas correspondentes táboas de valoración, moi claras e sinxelas.

Nesas mesmas táboas recolleranse os datos obtidos a través da observación directa por parte da mestra. Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 15 | 15 | 15 | 15 | 20 | 20 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación establécenos cada mestra-e utilizando:

Procedementos e evidencias : observación sistemática, posta en común, presentacións, representacións teatrais e role-plays, análise do portfolio do alumnado, e outros.

Instrumentos de avaliación: táboas de indicadores,, que serán diferentes segundo as evidencias que se queiran analizar, e probas escritas tales coma exames, tests, murais e presentacións elaborados polo alumnado nos que use a lingua escrita.

As táboas de indicadores recollerán criterios e graos de consecución acordes coa evidencia que queiramos valorar.

Considerando o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira, a adquisición da mesma é progresiva polo que no inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menos seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de auto-aprendizaxe, en consecuencia terémolo en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e de decidir a cualificación para cada alumno e alumna.

O curso evaluarase da seguinte maneira:

40% nota de examen.

25% traballo en clase

15% libreta e vocabulario

20% comportamento e actitude en clase.

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

6. Medidas de atención á diversidade

Esta programación para 4º de primaria ten en conta os diversos estilos de aprendizaxe dos alumnos/as; non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito ou ó mesmo ritmo nin teñen as mesmas características físicas nin habilidades innatas. Por iso, cada actividade das que se propoñen pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e esixencia, estando apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Prestaremos atención personalizada aos alumnos e alumnas e colaboraremos na realización de diagnósticos precoces e a aplicación de medidas adaptadas a nenos e nenas que requiran de tratamento particular.

Para levar a cabo esta atención personalizada, fixarémonos nos seguintes aspectos principalmente:

- os materiais e recursos: que sexan visuais, de liñas claras, atractivos, facilmente manexables e variados en relación a todos e cada un dos temas de traballo;

- as actividades de cada sesión: que sexan de duracións variables, flexibles na duración e o desempeño;

- o nivel de esixencia na intervención dos nenos e nenas en cada actividade: que sexa flexible.

Atención aos nenos e nenas con con dificultade de aprendizaxe: Incluirémolos nas actividades colectivas, de grupo, asignándolles sempre o seu propio rol, adaptado ás súas capacidades e circunstancias.

Atención aos nenos e nenas con trastornos de conduta: buscaremos a coordinación co equipo de profesorado do grupo e a orientadora do centro de tal xeito que consigamos incluílos nas actividades de aula.

Atención aos nenos e nenas con nivel de adquisición da lingua estranxeira ou de capacidade de desempeño de tarefas determinadas por riba da media da aula:

- Teremos follas de actividades preparadas para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras. ...

sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.

- Pediráselles que axuden a outros alumnos-as coas súas actividades (función de mediación lingüística).

- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros-as que tamén vaian rematando.

- Asignaráselles variacións algo máis complexas das actividades xa realizadas.

- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.

- Disporán do uso de ordenador para afondar no tema no que se está a traballar: busca de máis información, imaxes, cancións, vídeos curtos e similares.

En definitiva, ao longo do curso levaremos a cabo propostas para atender ó alumnado real que teñamos en cada aula.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Os dereitos da Infancia | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - A resolución pacífica de conflitos | X | X | X | X | X | X |

Observacións:

Nesta programación-guía só seleccionamos estes pero teñamos en conta que os elementos transversais xa están seleccionados nun artigo do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria en Galicia. Corresponde ó profesorado escoller e relacionalos ou non coas UD da área; ademais, algúns elementos transversais terán máis peso nunhas unidades ca noutras.

Por outro lado, cada centro educativo ou mestra/e escollerá o tema ou temas a tratar e o momento máis axeitado ao longo do curso pero tamén pode ocorrer que un tema non previsto sexa importante abordalo nun momento dado por unha cuestión de actualidade.

Na área de LE cómpre aproveitar o momento no que un tema transversal sexa abordado na aula pola mestra/e titora sendo, pois, necesaria a coordinación tanto para escoller o contido coma decidir a maneira de tratalo co grupo

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|--|----------|----------|----------|
| Saídas didácticas | Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe. | X | X | X |
| Visitas ao centro. | Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores.... | X | X | X |
| Conmemoracións da escola. | Samalín.magosto, nadal, entroido, maios, 8-M, dereitos da infancia.... | X | X | X |
| Conmemoracións específicas relacionadas coa LE. | Halloween, Guy Fawkes, Christmas, Saint Patrick, Thanksgiving.... | X | X | X |

Observacións:

O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu titor, e a coordinación entre os dous mestres. Non se trata de facer unidades didácticas de cada tema, senón de aproveitar o traballo feito na aula na lingua materna para ampliar vocabulario e expresións na LE.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado. |
| Metodoloxía empregada |
| Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados. |
| Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas. |
| Clima de traballo na aula |
| Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino. |

Descrición:

Os indicadores deben ir asociados ás correspondentes táboas do nivel de logro de cada un. Entre as diferentes opcións destas, cada mestra/e escollerá as que considere máis oportunas. Neste apartado "Descrición" explicaremos aspectos como o procedemento para a recollida de información, os momentos nos que se levará a cabo ou o emprego que lles daremos ós datos. Isto é decisión de cada mestre e mestra e, en todo caso, un acordo de claustro.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

Neste apartado decidiremos e plasmaremos os procedementos de seguimento e avaliación a ter en conta e, en consecuencia, fará as propostas de mellora necesarias. Este proceso farase a través da aplicación PROENS e, se é o caso, requirirá da coordinación e o acordo entre o profesorado do centro implicado na área de Lingua Estranxeira.

9. Outros apartados